

13/2024.- ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 06 DE NOVIEMBRE DE 2024

No salón de sesións da Casa do Concello das Pontes de García Rodríguez, o día 06 de novembro de 2024, ás nove horas e sete minutos reúnen, baixo a presidencia do alcalde, asistido do secretario accidental que referencia, os concelleiros e concelleiras que se relacionan, co fin de desenvolver a sesión extraordinaria urxente do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

PRESIDENTE:

Valentín González Formoso

CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS:

Manuel Rodríguez López

Ana Mª Pena Purriños

Elena López Seco

María Tania Pardo Cabarcos

Roberto Rivera Rego

Lorena Tenreiro Blanco

Carmela Franco Caaveiro

Francisco da Silva Vello

Diego Balsa Bellas

Mª del Carmen Dopico Rodríguez

NON ASISTEN CON ESCUSA:

Fernando Vilaboy Ledo

María Jesús Romero Franco

SECRETARIO ACCIDENTAL:

José Manuel Cabarcos Anca

INTERVENTOR ACCIDENTAL:

Manuel Souto López

Aberta a sesión, trátanse os seguintes asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1º) RATIFICAR A URXENCIA DA SESIÓN.

O presidente explica que o carácter urxente da sesión vén motivado pola modificación da organización municipal.

A continuación, o presidente da sesión somete a urxencia a votación, de acordo co establecido no artigo 79 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais.

Sometida a urxencia a votación, apreciase por unanimidade dos membros presentes.

2º) MODIFICAR A COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

O presidente deu conta da proposta que se presenta relativa a modificación da composición das Comisións Informativas.

O Pleno, á vista do Decreto da Alcaldía número 2000/2024, de data 04 de novembro, e do Decreto de corrección 2001/2024, de data 05 de novembro, nos que quedou establecida a nova estrutura da administración municipal; á vista do artigo 124.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF); e do artigo 66.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG), en relación co artigo 68.5 da mesma lei, acorda con 7 votos a favor dos representantes do grupo político do PSdG-PSOE e 4 abstencións (3 dos representantes do grupo político do BNG e 1 do grupo político do PP):

Modificar o apartado 1º) do acordo de creación e composición das Comisións Informativas, adoptado no Pleno extraordinario urxente de data 07/07/2023, que queda redactado como segue:

“1º) Constitúense as seguintes Comisións Informativas Permanentes:

- Comisión Informativa de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá.
- Comisión Informativa de Axenda Urbana, Turismo, Deporte e Promoción Económica.
- Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación.
- Comisión Informativa de Planificación Urbana, Medio Ambiente e Novos Proxectos.
- Comisión Especial de Contas.”

3º) MODIFICAR O NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS

O presidente concédelle a palabra á señora Tenreiro Blanco quen dá conta da proposta que se presenta relativa ao nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados.

O Pleno, á vista do disposto no artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), que prescribe que corresponde ao Pleno da Corporación, entre outros, o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados, que sexan competencia do Pleno, acorda con 7 votos a favor dos representantes do grupo político do PSdG-PSOE e 4 abstencións (3 dos representantes do grupo político do BNG e 1 do grupo político do PP):

-Modifícanse as designacións de representantes da Corporación Municipal nos órganos colexiados que se relacionan a continuación, quedando establecidas como segue:

1. XUNTA CONSULTIVA DO PARQUE NATURAL DAS FRAGAS DO EUME

- Titular: Elena López Seco
- Suplente: Manuel Rodríguez López

2. CONSELLO ESCOLAR DO CEIP SANTA MARÍA

- Titular: Elena López Seco

- Suplente: María Tania Pardo Cabarcos
3. CONSELLO ESCOLAR DO CEIP A FRAGA
- Titular: María Tania Pardo Cabarcos
 - Suplente: Lorena Tenreiro Blanco
4. CONSELLO ESCOLAR DO CEIP A MAGDALENA
- Titular: Ana María Pena Purriños
 - Suplente: María Tania Pardo Cabarcos
5. CONSELLO ESCOLAR DO IES MONCHO VALCARCE
- Titular: María Tania Pardo Cabarcos
 - Suplente: Elena López Seco
6. CONSELLO ESCOLAR DO IES CASTRO DA UZ
- Titular: Lorena Tenreiro Blanco
 - Suplente: María Tania Pardo Cabarcos
7. CONSELLO ESCOLAR DE ASPANAES
- Titular: María Tania Pardo Cabarcos
 - Suplente: Lorena Tenreiro Blanco
8. CONSELLO ESCOLAR DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA
- Titular: Roberto Rivera Rego
 - Suplente: María Tania Pardo Cabarcos
9. COMISIÓN DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DA ÁREA SANITARIA DE FERROL
- Titular: María Tania Pardo Cabarcos
 - Suplente: Elena López Seco
10. SECCIÓN DE MUNICIPIOS CON CENTRAIS OU PLANTAS DE CICLO COMBINADO DA FEMP
- Titular: Ana María Pena Purriños
 - Suplente: Manuel Rodríguez López
11. ASEMBLEA XERAL DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR
- Titular: María Tania Pardo Cabarcos
 - Suplente: Lorena Tenreiro Blanco
12. FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE
- Titular: Elena López Seco
 - Suplente: María Tania Pardo Cabarcos
13. MESA LOCAL DO COMERCIO
- Vogal titular: Ana María Pena Purriños
 - Vogal suplente: Lorena Tenreiro Blanco

14. PROGRAMA DE MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA E PROMOCIÓN ARTESANAL DA ZONA DO EUME, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

- Titular: Elena López Seco
- Suplente: Lorena Tenreiro Blanco

15. AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER)

- Titular: Roberto Rivera Rego
- Suplente: Manuel Rodríguez López

16. CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDADE INMOBILIARIA DA CORUÑA

- Titular: Manuel Rodríguez López
- Suplente: Ana María Pena Purriños

17. COMISIÓN TERRITORIAL DO PATRIMONIO HISTÓRICO GALEGO DA CORUÑA

- Titular: Elena López Seco
- Suplente: Lorena Tenreiro Blanco

18. COMISIÓN DE DESAUGAMENTO ZONA HIDROGRÁFICA NORTE

- Titular: Roberto Rivera Rego
- Suplente: Manuel Rodríguez López

4º.-MODIFICAR AS RETRIBUCIÓN DE DIVERSOS CARGOS DA CORPORACIÓN

O presidente concédelle a palabra á señora Tenreiro Blanco quen deu conta do expediente que se tramitou para modificar as retribucións de diversos cargos da Corporación.

No expediente, con referencia 2023/X998/000091, constan os seguintes antecedentes:

-Decreto 2000/2024, do 04 de novembro (2024/G003/002068), de modificación das concellarías-delegadas.

-Providencia da Alcaldía de data 04/11/2024 que propón modificar as retribucións de determinados concelleiros/as nos seguintes termos:

1.Que se inicie e tramite o expediente encamiñado a modificar o réxime de dedicación das persoas titulares das novas concellarías-delegadas nos seguintes termos:

a) Concellaría-Delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá: **dedicación exclusiva, con unha retribución anual de 48.409,31 euros.**

b) Concellaría-Delegada da Área de Planificación Urbana, Medio Ambiente e Novos Proxectos: **dedicación parcial, con unha retribución anual de: 36.307,72 euros.**

Estes importes inclúen o incremento do 2 % a que se refire o artigo 6.7 do Real decreto-lei 4/2024, do 26 de xuño.

A estas dedicacións seralles de aplicación o resto das previsións que figuran no acordo adoptado no Pleno do 07/07/2023 (punto 10º da orde do día).

2. A modificación da denominación da Concellaría Delegada da que é titular o concelleiro Roberto Rivera Rego non altera o grao de dedicación (exclusiva), nin as retribucións.”

- Informe xurídico do secretario accidental, que leva data do 04/11/2024.

- Informe número 481/2024, do 4 de novembro, do interventor accidental.

O Pleno á vista dos antecedentes do expediente e do disposto nos artigos 38 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF); e 75.1, 2, 3 e 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), con sete votos a favor dos representantes do grupo político do PSdG-PSOE, 1 abstención do representante do grupo político do PP e 3 votos en contra do grupo político do BNG:

1º) Determinar que a **Concellaría Delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá** desenvolverá as súas funcións con **dedicación exclusiva**, percibindo un salario bruto anual de **48.409,31 euros**.

2º) Determinar que a **Concellaría Delegada da Área de Planificación Urbana, Medio Ambiente e Novos Proxectos** desenvolverá as súas funcións en réxime de **dedicación parcial**, percibindo un salario bruto anual de **36.307,72 euros**.

3º) As referencias, que no acordo plenario de retribucións adoptado na sesión do 07/07/2023 se efectúan á extinta Concellaría delegada especial de Obras, Infraestruturas, Medio Ambiente e Medio Rural **deben entenderse efectuadas á nova Concellaría Delegada especial de Obras, Infraestruturas, Servizos e Medio Rural, cuxo titular, que desempeña o cargo con dedicación exclusiva, seguirá percibindo a mesma retribución.**

4º) Establecer que en todo o non regulado neste acordo serán de aplicación as normas establecidas no acordo plenario do 07/07/2023, tendo en conta que as novas retribucións, para facerse efectivas, deberán ser aceptadas expresamente pola concelleira e concelleiros concernedos.

5º) Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) e no taboleiro de anuncios electrónico da Corporación, de conformidade co previsto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

REMATE DA SESIÓN

Finalmente, a presidencia dá por rematada a sesión ás nove horas e vinte e nove minutos, estendéndose dela esta acta, da que, como secretaria, certifico.

O secretario accidental

José Manuel Cabarcos Anca

O presidente

Valentín González Formoso

ARQUIVO DE VÍDEO E AUDIO

O arquivo correspondente a gravación realizada durante a sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello das Pontes de García Rodríguez do día 06/11/2024 é auténtico.

O arquivo de vídeo da gravación do Pleno ten o seguinte “hash” ou identificador:

0DA36B35FFC9478D50BDDD8597A0C4968FD45FC9BF43A788E1A7835D918F23E8

Este identificador foi calculado aplicando ao ficheiro o algoritmo SHA256. Deste xeito, no caso de que non se modifique o ficheiro de vídeo, e aplicando o mesmo algoritmo, o identificador resultante será o mesmo que consta neste documento.

O arquivo de audio da gravación do Pleno ten o seguinte “hash” ou identificador:

EC9D8BE53BC1D3E9F9BFE774BD8E4B6015D24D55D1D3EFD52043C39DC49A00EB

Este identificador foi calculado aplicando ao ficheiro o algoritmo SHA256. Deste xeito, no caso de que non se modifique o ficheiro de audio, e aplicando o mesmo algoritmo, o identificador resultante será o mesmo que consta neste documento

O secretario accidental

José Manuel Cabarcos Anca